




CASA XOHANA TORRES



# PRO-GRAMA DE ACTIVIDADES

[Maio 2022]

+ VISITA A WEB: [cimcompostela.gal/casaxohanatorres/](http://cimcompostela.gal/casaxohanatorres/)

Xoves  
**5**

19:00 - 21:00

PROMOVE

**Persoas a título individual, colectivas e entidades LGBT**

## ASEMBLEA

«Asemblea aberta do Orgullo popular»

Colectivos e persoas independentes de Compostela convocan unha serie de asembleas abertas para a **organización colectiva e horizontal dun Orgullo LGBT** popular e plural. Aberto a toda persoa ou asociación da cidade que queira participar. **Non é preciso inscrición.**

Sábado  
**7**

11:00 - 14:00

PROMOVE

**Materfem**

## ASEMBLEA

**Asemblea aberta a todas as mulleres nais** que queiran achegarse (soas ou coas crianzas) a coñecernos a nós e o noso traballo, as nosas iniciativas e actividades. Compartiremos espazo para continuar debatendo, visibilizando e loitando por mudar o lugar que ocupan a maternidade e os coidados na sociedade patriarcal, individualista e capitalista na que vivimos.

**MÁIS INFO:**  
[materfeministas@gmail.com](mailto:materfeministas@gmail.com)

PRAZAS LIMITADAS.

**Apúntate!**



<https://form.typeform.com/to/yh83xrwP>

[• **MÁIS INFO:** 608 710 978 - [casaxt@santiagodecompostela.gal](mailto:casaxt@santiagodecompostela.gal) •]

Sábado  
**7**

19:00 - 20:30

PROMOVE

**Asociación LarLilás**

## PRESENTACIÓN

«Proxecto LarLilás»

A asociación Larlilás presentará a súa proposta de desenvolver un proxecto de creación dunha comunidade cun modelo de **atención integral e coidados** centrado nas persoas, que poida garantir un final da vida en condicións de dignidade. Afástase de calquera interese mercantilista e susténtase nun ideario feminista, progresista, ecoloxista e laico.

**MÁIS INFO:** [olarlilas@gmail.com](mailto:olarlilas@gmail.com) | [www.larlilas.gal](http://www.larlilas.gal) | <https://larlilas.blogspot.com/>

Martes  
**10-24**

19:00 - 20:30

PROMOVE

**CXT - Mariele Almeida**

## CLUB DE LECTURA FEMINISTA

### Participa no Club de Lectura da CXT!

Teremos encontros quincenais, nos cales imos debater sobre un texto feminista. Calquera persoa é benvida, independente do seu nivel de coñecemento. A idea é reflexionar e debater xuntes nun ambiente distendido. Estes encontros serán dinamizados por **Mariele Almeida**, doutoranda en estudos xénero na Universidade de Valencia.

Mércores  
**11**

19:00 - 21:00

PROMOVE

**CXT**

## CINEFORUM FEMINISTA

«Na procura da luz»

**Curtametraxe documental galardoada coa 5ª Edición do Premio Xohana Torres** na modalidade de creación audiovisual. A narrativa trata sobre a vida e obra da poeta galega **Luz Pazo Garza**, un relato construído a partir das voces das persoas máis achegadas a ela. Tras a proxección faremos un coloquio no que contaremos coa presenza da súa directora, **Rosa Taboada**.

Xoves  
**19**

19:30 - 20:30

PROMOVE

**Colectivo Feminismos e Tempo Libre**

## PRESENTACIÓN

«FEMINISMOS E TEMPO LIBRE: integrando unha perspectiva feminista no TL. »

Proxecto enmarcado no escenario do **tempo libre galego**. O grupo de educadoras que o sosteñen procurarán crear un lugar común, onde verter dúbidas, inquiredanzas e novos proxectos vencellados á educación transformadora. Nesta xornada **compartirán ferramentas pedagóxicas** para a incorporación dunha perspectiva feminista na educación dos tempos libres.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional  
Unha maneira de facer Europa